

comité  
ORGANIZADOR CIENTÍFICO

Dra. Fátima Barcala del Caño  
Dra. Vanessa García-Ciudad Young

## INFORMACIÓN XERAL

Tódolos asistentes participarán en dous obradoiros de forma rotatoria en grupos de 25 persoas. Cada obradoiro terá unha duración de 3 horas. A inscrición a estas xornadas e a asignación a cada obradoiro realizarase por rigoroso orde de recepción das follas de inscrición. **A data límite de presentación das follas de inscrición será o 1 de marzo de 2011.** O número máximo de asistentes é de 125 persoas.

A inscrición para estas xornadas require o **abono de 80 € para os non socios e de 40 € para os socios de AGAMFEC**, que inclúe a asistencia ás sesións científicas, xantar de traballo e cafés de pausa. Se alguén tivese feito o ingreso da cota de inscrición e non poidese participar nas xornadas por esgotamento das prazas, devolveráselle dito importe.

O importe farase chegar mediante transferencia bancaria á "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria", Nº de conta: **2080-0199-72-0040006316** de **NOVACAIXAGALICIA**.

A folla de inscrición mailo xustificante da transferencia deberá ser enviadas con anterioridade ó 1 de marzo de 2011 por mail ou ben por fax a:

**MAIL:** [residentesagamfec2011@eventosmestura.es](mailto:residentesagamfec2011@eventosmestura.es)

**FAX:** +34 902 875 674

11 de marzo de 2011

SEDE DAS XORNADAS

Talaso Hotel Louxo La Toja  
ILLA DE A TOXA

Os asistentes poden beneficiarse de prezos exclusivos na reserva de habitacións dando como referencia as Xornadas de AGAMFEC.

Máis información na recepción do hotel.

ORGANIZA



mestura|eventos

# XIII

## Xornadas de residentes

# AGAMFEC

Asociación galega de medicina familiar e comunitaria

11 de marzo de 2011  
ILLA DE A TOXA



## PROGRAMA

09:45 - 10:15	Recollida de acreditacións e café de benvinda
10:15 - 13:15	Obradoiros
13:30 - 13:45	Presentación oficial das xornadas
14:30 - 16:00	Xantar
16:00 - 19:00	Obradoiros

## OBRADOIROS

### CURSO MCGIVER RECURSOS ALTERNATIVOS EN MEDICINA DE URXENCIAS

Grupo McGiver · Santiago de Compostela

#### OBXECTIVOS:

Plantexarnos solucións creativas e eficaces aproveitando todo o que teñamos ó noso alcance para un manexo alternativo de consultas urxentes habituais.

### DERMATOLOXÍA BÁSICA EN ATENCIÓN PRIMARIA

Grupo de dermatoloxía · Vigo

#### OBXECTIVOS:

A Atención Primaria constitúese, pola súa accesibilidade e proximidade á poboación, nunha vía sinxela e habitual para a consulta dos problemas dermatolóxicos. O enfoque diagnóstico inicial, as normas terapéuticas correspondentes e o seguimento dos procesos evita as derivacións innecesarias. Preténdese dar mediante este obradoiro, coñecementos básicos para recoñecer os problemas mais habituais que cursan con lesións na pel e así mesmo establecer un bo diagnóstico diferencial entre eles.

### DETECCIÓN DE SEDENTARISMO E RECOMENDACIÓN DE ACTIVIDADE FÍSICA EN ATENCIÓN PRIMARIA

Grupo de Actividade física e deporte de AGAMFEC.

#### OBXECTIVOS:

Proporcionar instrumentos para detectar o sedentarismo nos pacientes de atención primaria e ofrecer a formación básica necesaria para realizar as recomendacións de actividade física pertinentes.

### ACTUALIZACIÓN EN INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL

Grupo de Atención á Muller de AGAMFEC.

#### OBXECTIVOS:

Abordaxe en atención primaria dos diferentes casos de enfermidades venéreas, o seu enfoque diagnóstico e terapéutico.

### OBRADOIRO TEÓRICO-PRÁCTICO DE ESPIROMETRÍAS

Grupo de Neumoloxía de AGAMFEC

#### OBXECTIVOS:

A EPOC e a asma son enfermidades moi prevalentes e infradiagnosticadas, e para o diagnóstico das mesmas é imprescindible a espirometría. Por todo iso faise indispensable a realización rutineira de espirometrías en todos os centros de saúde cuns parámetros de calidade adecuados polo que este obradoiro é de gran utilidade. Preténdese mellorar a realización e interpretación da espirometría nas consultas de atención primaria. Que o alumno coñeza as indicacións da espirometría, os recursos técnicos necesarios para unha realización correcta da proba e una interpretación adecuada dos resultados.

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Don/a .....

Ano de residencia ..... DNI .....

Enderezo .....

Poboación ..... CP .....

Provincia .....

Tel ..... Móbil .....

e-mail .....

Centro de traballo .....

Por orde de preferencia, desexo asistir aos seguintes obradoiros:

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....
- 5 .....

MESTURA EVENTOS, en virtude da relación contractual con "AGAMFEC, asociación galega de medicina familiar e comunitaria", segundo establece o artigo 12 da L.O. 15/1998, actúa como encargado do tratamento dos datos dos participantes no evento e correspóndelle a "AGAMFEC, asociación galega de medicina familiar e comunitaria" a titularidade do ficheiro tratado con datos persoais. Neste sentido, o participante garante que os datos persoais facilitados son veraces e asume a obriga de comunicar a MESTURA EVENTOS calquera modificación nestes. Con base na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, o participante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose ao responsable do ficheiro, "AGAMFEC, asociación galega de medicina familiar e comunitaria", Av. Madrid 26, 4 F 36204 Vigo, sempre acreditando, conforme a dereito, a súa identidade na comunicación. MESTURA EVENTOS, en virtude da citada relación contractual, comprométese a tratar os datos de forma confidencial e exclusivamente coa finalidade de asesorar o evento no que o participante formalice inscrición. Así mesmo, garante que os medios de almacenamento e tratamento tanto físicos como electrónicos utilizados cumpren cos medios de seguridade necesarios para asegurar a integridade e a confidencialidade dos datos persoais, en conformidade co disposto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1998, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.